

# Manual Xade

Procesos: Grupos

---



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral

.....	2
GRUPOS.....	2
1.Introducción ao mantemento de grupos e horarios.....	2
2. Mantemento de Grupos simples.....	4
3. Creación de horarios dos grupos.....	8
4. Grupos mixtos.....	17

## GRUPOS


### 1.Introducción ao mantemento de grupos e horarios

*Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples*

Os alumnos unha vez matriculados teñen que ser vinculados a un grupo do centro. É importante ter en conta que, aínda que unicamente exista un grupo por nivel, os alumnos non estarán asignados a ese grupo ata que se proceda á súa asignación.

*Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples*

Na pantalla pódese ver unha relación de todos os grupos que hai no centro para o ano de traballo no que está a aplicación.



Cando asociamos un alumno a un grupo o alumno figura nas actas de avaliación do grupo e nas orlas e listados dese grupo.

Ter en conta que cando se modifica a matrícula dun alumno, debe revisarse a asignación do mesmo ao grupo xa que dependendo do alcance da modificación realizada na matrícula, ás veces pode supoñer que o alumno quede fóra de grupo e haxa que volver a asignalo.

Tal e como se observa, os grupos aparecen ordenados por curso e ensinanza respectivamente.

1º Bac. - D
1º Bac. - J
2º Bac. - A
2º Bac. - B
2º Bac. - C
2º Bac. - D
(A) 1º Bac. - A
(A) 1º Bac. - B
(A)-1º Bac. - C
(A)-1º Bac. - D
(A)-2º Bac. - A
(A)-2º Bac. - B

Os grupos de ensinanza de adultos aparecen sempre precedidos por ( A )

## **1.1 Informes predefinidos relacionados con grupos e horarios**

Á hora de crear os agrupamentos de alumnos que están matriculados na aplicación, pode sermos de utilidade os seguintes informes predefinidos (*Ruta: Informes > Informes predefinidos > Alumnado*)

**AL986**-Opcións de matrícula. Informe no que se obtén unha relación das opcións de matrícula do alumnado: tipo de matrícula, modalidade, idioma, materias, etc. (NOTA: só dispoñible para algunhas ensinanzas)

**AL987**-Alumnos por materia. Con este informe visualízase os alumnos matriculados en cada unha das materias impartidas no curso.

Unha vez creados e asignados os alumnos ao grupo pódense visualizar os informes:

**AL047**-Listaxe de grupo

**AL982**-Orla de grupo

**AL966**- Subgrupo alumnado

**AL967**- Alumnado por subgrupo. Permite visualizar e imprimir os subgrupos do centro e os alumnos relacionados con eles

**AL987**- Horario por curso

**PR999** – Horario profesor

## **2. Mantemento de Grupos simples**

### **2.1 Creación de grupos simples**

*Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples*


O proceso de creación de Grupos (sempre que fora necesario) consta dos seguintes pasos:

a- Na ruta *Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples* premer sobre o botón Engadir

b- Seleccionar o curso no despregable e introducir na caixa Grupo a letra coa que denominaremos ao grupo

c- Escoller a Quenda (NOTA: ter en conta que debe elixirse a mesma quenda que ten o alumnado na pantalla de matrícula que despois asignará ao grupo creado)

d- Premer en Aceptar para rexistrar os cambios e para que o novo grupo apareza na lista da esquerda.



## 2.2 Asignación de alumnos, titor e aula ao grupo

Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples

Una vez creado o novo grupo teremos que asignarlle o alumnado. Como se observa nas capturas de pantalla, a parte central da mesma divídese en dúas columnas:

- Alumnado non asignado** que corresponde aos alumnos matriculados no curso pero non asignados a ningún grupo do centro
- Alumnado asignado** que corresponde cos alumnos que pertencen ao curso e grupo elixido

**Datos do grupo**

Curso: 6º Educación primaria    Grupo: A    Quenda: Xornada continua

Descrición: 5 de Primaria    Aula: A11

Titor/a: Castro Arias, Pilar    Horario: HORARIO

Titor/a PDC: --

---

**Asignación de alumnado**

Aplicar filtro: - Todas as matrículas -

<p>Alonso Nieto, Pablo</p> <p>Alvarez Cebrian, Enrique</p> <p>Alvarez Merens, Daniel</p> <p>Alvarez Tesouro, Beatriz</p> <p>Alves Rodríguez, Luis Miguel</p> <p>Argibay Miranda, Víctor Manuel</p> <p>Boullosa Payan, Marcia</p> <p>Cabaleiro Alonso, Sergio</p> <p><b>Non asignados a ningún grupo</b></p> <p>8 alumnado non asignado</p>	<p>&gt;</p> <p>&gt;&gt;</p> <p>&lt;&lt;</p> <p>&lt;</p>	<p>Cameselle Maceda, Irene</p> <p>Carballo Fornos, Sergio</p> <p>Carballo Graña, Oscar</p> <p>Cela Gallego, Samuel</p> <p>Cobas Labarthe, Nuria</p> <p>Dasilva Rodriguez, Lucia</p> <p>Duran Ferreiro, Samuel</p> <p>Gomez Barreiro, Kevin Esteban</p> <p>Gomez Salgueiro, Isabel</p> <p>Gonda Duran, Adrian</p> <p>Gonzalez Rotella, Yeray Manuel</p> <p>Gutierrez Rodriguez, Uxia</p> <p>Lameiro Perez, Jonathan José</p> <p>Lopez Ferradas, Juan</p> <p>Mata Enriquez, Iago</p> <p>Míguez Docampo, Diego</p> <p>Núñez Pereira, Pablo</p> <p>Perez Cayo, Marcelo Agustin</p> <p>Pinto Castiñeira, Pablo</p> <p>Ramirez Nuñez, Raquel</p> <p><b>Asignados ao grupo</b></p> <p>27 alumnado asignado</p>
--	---	---

Engadir    Modificar    Eliminar    Aceptar    Cancelar

Na asignación de alumnado é posible facer unha selección dentro do curso utilizando a opción "Aplicar filtro". Por exemplo, en 3º e 4º da ESO é posible preseleccionar ao alumnado de diversificación curricular, no bacharelato é posible filtrar por modalidade e bloques, no caso do réxime de adultos presencial.

Para mover os alumnos basta con seleccionalos e empregar os botóns de mover á dereita ou a esquerda (frechas), que aparecen no centro da ventá e que se activan unha vez premamos no botón Modificar .

Tamén temos que introducir:

- Unha descrición do grupo (non é obrigatorio e soamente se cubre no caso de que o grupo teña algunha característica especial)

- O titor do grupo, seleccionándoo da relación do persoal docente activo no centro ao que se accede no despregable Titor/a,

- A aula que ocupa o grupo (para poder seleccionar a aula do grupo previamente ten que estar dada de alta na pantalla Espazos do Centro na *Ruta Mantemento > Datos do centro > Espazos*).

- Podemos, por último, sinalar o horario base do grupo (o tema do horario o tratamos no apartado 3)

Datos do grupo			
Curso	6º Educación primaria	Grupo	A
Descripción	6º Primaria	Quenda	Xornada continua
Titor/a	Eyre Álvarez, Carlota	Aula	--
Titor/a PDC	--	Horario	Infantil-Primaria

É posible a asociación do alumno cun determinado grupo cando este se está a matricular ou directamente dende a pantalla de matrícula do alumno (*Ruta: Alumando > Xestión Alumnado > Busca... > Matrícula > Modificar*) pero previamente os grupos teñen que estar creados tal como se describe no apartado 2.1 deste manual.

Matrícula		Taxas académicas		Modificacións á matrícula	
Cód. alumno	910615CGA280A18	N. expediente	3030	Data matrícula	08/09/2007
Procedencia	Educación secundaria obrigatoria	2º Ensinanza secundaria obrigatoria			
Matricúlase	3º Ensinanza secundaria obrigatoria	Grupo	A	Repite	Non repite
Matrícula	Oficial	Quenda	Xornada partida	Asistencia	Presencial
<b>Comúns</b> <input checked="" type="checkbox"/> Bioloxía e Xeoloxía <input checked="" type="checkbox"/> Ciencias sociais, xeografía e historia <input checked="" type="checkbox"/> Educación física <input checked="" type="checkbox"/> Educación plástica e visual <input checked="" type="checkbox"/> Física e Química <input checked="" type="checkbox"/> Lingua castelá e literatura <input checked="" type="checkbox"/> Lingua galega e literatura <input checked="" type="checkbox"/> Matemáticas <input checked="" type="checkbox"/> Música <input checked="" type="checkbox"/> Tecnoloxías <b>Pendientes</b> <input checked="" type="checkbox"/> CO: Matemáticas (2º ESO) <input checked="" type="checkbox"/> ID: Lingua estranxeira - Inglés (2º ESO)			<b>Optativas</b> <input type="checkbox"/> 100 <input type="checkbox"/> Ciencias Mediambientais e da Saúde <input checked="" type="checkbox"/> Cultura clásica <input type="checkbox"/> Iniciación Informática <input type="checkbox"/> mecanografía <input type="checkbox"/> TEE <input type="checkbox"/> 2ª Lingua estranxeira - Francés <b>Alternativas de idioma</b> <input type="checkbox"/> Lingua estranxeira - Francés <input checked="" type="checkbox"/> Lingua estranxeira - Inglés <b>Alternativas de relixión</b> <input type="checkbox"/> Atención Educativa <input type="checkbox"/> Historia e cultura das relixións <input type="checkbox"/> Relixión católica <input type="checkbox"/> Relixión evanxélica		
<input type="button" value="Matrícula por defecto"/> <input type="button" value="Pendientes"/>					
Aíta	Baixa	Data baixa		Causa da baixa	--
Observacións					

## 2.3 Eliminación de grupos

*Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples*

Selecciónase o grupo e púlsase sobre o opción **Eliminar**. Un grupo nunca poderá ser eliminado mentres teña alumnado asociado a el. Polo tanto, é necesario, para eliminar un grupo, previamente desvincular aos alumnos do grupo. Teña en conta que os alumnos que teñen baixa na matrícula contarán como alumnos vinculados ao grupo.

## 2.4 Grupos para ensinanza secundaria para persoas adultas

Os grupos de calquera das ensinanzas para persoas adultas aparecen precedidos na relación dos grupos do centro pola letra **(A)**-, o que nos indica que estamos ante un grupo composto por alumnos que están a cursar réxime de adultos.

No caso das ensinanzas de ESO adultos, o alumno matricúlase nos ámbitos de un determinado módulo (1, 2, 3 ou 4), aparecendo toda esta información na descrición do grupo:

(A)-ESO Ad.1 - 1º Cua. - A
(A)-ESO Ad.2 - 1º Cua. - A
(A)-ESO Ad.3 - 1º Cua. - A
(A)-ESO Ad.4 - 1º Cua. - A

No exemplo da captura de imaxe a lectura do primeiro grupo sería:

(A)= Adultos

ESO Ad.1 = Ensinanza (ESO Adultos) e módulo (1) no que esta matriculado o alumnado

1º Cua = primeiro cuadrimestre

A = Denominación do grupo

A peculiaridade desta ensinanza (ESO Adultos) é basicamente que as matrículas dos alumnos son cuadrimestrais. Isto implica que cando se crea ou se selecciona un grupo hai que elixir tamén o cuadrimestre. Dentro de ESO Adultos, un mesmo alumno pode estar vinculado a dous grupos ao longo do curso escolar, sempre e cando teña dúas matrículas rexistradas na aplicación: unha para o 1º cuadrimestre e outra para o 2º cuadrimestre.

## 3. Creación de horarios dos grupos

A introdución do horario é un proceso necesario para poder xestionar as faltas, tanto dos alumnos como do profesorado, a través da aplicación XADE. Os horarios cárganse no XADE por curso e grupo. Simultaneamente á introdución do horario dun grupo, estase a cargar o horario lectivo dos profesores que imparte clases no mesmo.

Os pasos para introducir os horarios son os seguintes: marcar un horario base para o grupo, sinalar ao profesorado que imparte clases no grupo e ir introducindo materia a materia relacionándoa có profesor correspondente no horario semanal do grupo



### 3.1 Horario base

Ruta: Mantemento > Convocatoria (ano académico de traballo) > Horarios

Con esta opción configúranse os horarios base do centro (*Bandas ou franxas horarias*) para o ano de traballo. A pantalla consta dunha única táboa onde se amosan os días da semana e as sesións (con hora de inicio e fin) para cada día. O formato da hora é HH:MM (p.e: 16:30). A hora de fin debe ser superior á de inicio.

Premendo no botón Engadir actívanse todas as opcións da pantalla para crear o horario base: hai que darlle un nome (no combo Descrición) e cubrir as sesións.

Pódense utilizar os botóns “*Estender a todos os días*” situados na primeira columna da semana (*luns*) para aplicar os valores introducidos nesa sesión a todos os días.

En función das necesidades do centro pódense configurar diferentes horarios base (p.ex.: Diúrno, Nocturno...). En todo caso é recomendable crear o menor número de horarios base posible, xa que aínda que no centro se impartan varias ensinanzas, o normal é que cun único horario base sexa posible elaborar os horarios de todos os grupos do centro.

En *duración sesión (minutos)* é posible establecer un valor, por defecto e polo tanto modificable en cada momento, da duración de cada sesión, de maneira que unha vez establecida a hora de inicio, a aplicación cubrirá de xeito automático a hora de fin de cada unha das sesións.


Detalle do horario base						
Descrición <input type="text" value="Horario Proba2"/> Duración sesión (minutos) <input type="text" value="50"/>						
Sesión	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	
1	09:10 a 10:00 ▷	09:10 a 10:00	09:10 a 10:00	09:10 a 10:00	09:10 a 10:00	
2	10:00 a 10:50 ▷	10:00 a 10:50	10:00 a 10:50	10:00 a 10:50	10:00 a 10:50	
3	10:50 a 11:40 ▷	10:50 a 11:40	10:50 a 11:40	10:50 a 11:40	10:50 a 11:40	
4	11:40 a 12:05 ▷	11:40 a 12:05	11:40 a 12:05	11:40 a 12:05	11:40 a 12:05	
5	12:05 a 12:55 ▷	12:05 a 12:55	12:05 a 12:55	12:05 a 12:55	12:05 a 12:55	
6	12:55 a 13:45 ▷	12:55 a 13:45	12:55 a 13:45	12:55 a 13:45	12:55 a 13:45	
7	13:45 a 14:35 ▷	13:45 a 14:35	13:45 a 14:35	13:45 a 14:35	13:45 a 14:35	
8	14:35 a 15:25 ▷	14:35 a 15:25	14:35 a 15:25	14:35 a 15:25	14:35 a 15:25	
9	15:50 a 16:40 ▷					
10	16:40 a 17:30 ▷					
11						
12						
13						
14						
15						
16						
17						
18						
19						
20						

É importante comprender que **no horario base o que se introduce son o número e horas de sesións dos alumnos no centro**, tanto de clases como de descansos, recreos, etc. Cando as horas de entrada e saída, recreos e intercambios de clase coincidan para diferentes ensinanzas ou niveis, só é necesario un único horario base.

### 3.2 Asociar o horario base co grupo

Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples

Unha vez seleccionado da lista da esquerda o grupo pulsase sobre o botón modificar e seleccionase en Horario o horario base que se corresponde coas sesións ou franxas horarias de clase que ten o grupo. Por último, aceptar os cambios da pantalla.



Datos do grupo

Curso: 6º Educación primaria

Grupo: A

Quenda: Xornada continua

Descripción: 6º Primaria

Aula: --

Titor/a: Eyre Álvarez, Carlota

Horario: Infantil-Primaria

Titor/a PDC: --

Despregar e seleccionar

### 3.3 Asociar profesorado que imparte no grupo

Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples(escoller o grupo..) > Profesorado

Para asociar o profesorado que imparte no grupo, hai que seguir a ruta indicada, seleccionar da lista da esquerda o grupo e premer sobre o botón modificar. Na relación de profesores que aparece na pantalla hai que sinalar o profesorado que imparte docencia no grupo. Por último, debe premer en Aceptar para gardar os cambios.



Alumnado Profesorado Non docente Secretaría Informes Mantemento Utilidades

GRUPOS SIMPLES: Mantemento Profesorado Horario Faltas Aval. continua

XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Centro: 22000125 IES Centro de cursos 125

Usuario: dir.125

Data: 03/04/2008

Grupo: 4º Pri. - A

Titor/a:

Ano acadé

Ano traba

Grupos simples

- 4º Inf. - A
- 5º Inf. - A
- 6º Inf. - A
- 1º Pri. - A
- 2º Pri. - A
- 3º Pri. - A
- 4º Pri. - A
- 5º Pri. - A
- 6º Pri. - A
- 1º ESO - A
- 1º ESO - B
- 1º ESO - C

Profesorado do grupo

Profesores do grupo

- Borbon, Federica
- Castro Arias, Pilar
- Castro, Manuel
- CASTRO, PEPITA
- Eservo García, Daniel
- Fernández Fernández, María Milagros
- Fernández Novás, Ángel
- fernandez, adolfo
- Fernandez, Maria Milagros
- Fernández, Pepe

Seleccionar entre o profesorado aqueles que dan clase no grupo

#### 3.3.bis Materias

Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples(escoller o grupo...) > Materias

Nesta pantalla poderemos asociar un profesor coa súa materia para posteriormente facilitar a introdución das sesións no horario de xeito que non haxa que escoller o profesor de cada vez que se engada a mesma materia. Tamén poderemos recoller os datos asociados aos programas de plurilingüismo e seccións bilingües.

O funcionamento desta pantalla dependerá das características do centro:

- Para tódolos centros:
  - Verán os campos Profesor 1, Profesor 2 e Idioma. Neste último campo indicarán se a materia ou módulo é impartido en castelán ou en galego
  - Nos campos “Profesor 1” e “Profesor 2” poderán indicar cal é o profesor que imparte esa materia de entre os seleccionados como profesores do grupo na pantalla anterior “Profesorado”.

The screenshot shows a web form titled "Materias". At the top, there is a section "Idioma das materias" with a help icon. Below it is a scrollable list of subjects: Ciencias da natureza, Ciencias sociais, xeografía e historia, Educación física, Educación plástica e visual, Lingua castelá e literatura, Lingua estranxeira - Inglés, Lingua galega e literatura, Matemáticas, Proxecto interdisciplinar, Reforzo/Apoio, Relixión católica, and 2ª Lingua estranxeira - Francés. Below the list are three dropdown menus: "Profesor 1" (yellow), "Profesor 2" (blue), and "Idioma" (yellow).

- Centros plurilingües:
  - Disporán ademáis do campo “Plurilingüismo” no que poderán indicar, se é o caso, en que idioma se imparte a materia plurilingüe. De facelo, a aplicación non permitirá indicar o idioma principal da materia como castelán ou galego.

This screenshot shows a portion of the form with four elements: "Profesor 1" (yellow dropdown), "Profesor 2" (blue dropdown), "Idioma" (yellow dropdown), and a checkbox labeled "Plurilingüismo" followed by a blue dropdown menu.

- Centros con sección bilingüe
  - Terán a súa disposición un novo campo denominado “Sección bilingüe” no que poderán indicar en que idioma se imparte esa materia. Para unha mesma materia non poderán seleccionarse idiomas, ao mesmo tempo, nos campos “Plurilingüismo” e “Sección bilingüe”.

Profesor 1	--
Profesor 2	--
Idioma	--
<input type="checkbox"/> Plurilingüismo	--
<input type="checkbox"/> Sección bilingüe	--

- Centros que dispoñan de auxiliar/es de conversa.
  - Disporán de un novo campo denominado “Auxiliar conversa” no que poderán indicar quen é o auxiliar de conversa que realiza a súa labor nesa materia.
  - As persoas que desempeñen este traballo no centro terán que ser rexistrados previamente como tales desde “Persoal non docente”

Profesor 1	--
Profesor 2	--
Idioma	--
<input type="checkbox"/> Plurilingüismo	--
<input type="checkbox"/> Sección bilingüe	--
<input type="checkbox"/> Auxiliar conversa	--

### 3.4 Configurar o horario do grupo

Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples(escoller o grupo...) >Horario

Desde este opción realízase a configuración do horario do grupo. Unha vez elixido o grupo da lista de Grupos simples procederemos a engadir o horario

Hai varios elementos importantes :

- Dous botóns de selección (+ e -) para engadir ou suprimir as sesións e as materias/unidades/recreos.



- Premendo no botón (+) ábrese unha ventá na que introducir os datos da Sesión, Materia/Unidade, Aula e Subgrupo. Premendo en (>) de Alumnado é posible visualizar o alumnado asignado ao subgrupo. Premendo en (>) de Profesorado pódese asignar o profesor correspondente á sesión.

- O botón de lupa serve para ver o detalle da sesión seleccionada

Dentro do rexistro de datos hai que destacar:

- O Menú despregable “Sesión”: para seleccionar a sesión (franja horaria correspondente no horario base) e seleccionar a materia/unidade.
- O Menú despregable “Aula”: aula onde se impartirá a materia.
- Menú despregable “Profesor/a”: profesor/es da materia.
- “Subgrupo”: subgrupos para a definición de desdobres.
- “Alumnos/as”: ao premer no botón (>) mostraranse os alumnos asignados ao subgrupo seleccionado previamente (non se poden modificar desde aquí, haberá que dirixirse ás opcións *Grupos simples* ou *Subgrupos*)

Lembre que o programa le a matrícula dos alumnos asociados a un grupo cando se esta a crear o horario, polo tanto:

- Non se poderán introducir horas dunha materia no horario do grupo se non hai alumnos matriculados nesa materia vinculados ao grupo.
- Para introducir o horario das materias optativas que se imparten a mesma hora no grupo (exemplo: relixión e atención educativa) é suficiente con cargar as materias na súa sesión correspondente, a mesma, e asignarles o profesor que as imparte.

No despregable onde están as materias que se introducen no horario tamén aparecen as unidades creadas para cada materia ( Ruta: Mantemento > Convocatoria (...) > Ensinanzas > Configuración da oferta > Unidades ), se é o caso.

Isto permite cargar no horario do grupo sesións de por exemplo, Laboratorio na materia de Física e Química, ou Música e Plástica na materia de Educación Artística de Educación Primaria ...

Notas: para rexistrar sesións de Apoio, Pedagogía Terapéutica ou Audición e Linguaxe non deben introducirse no horario do grupo. O correcto é introducir as sesións no horario complementario do profesor, como actividade na ruta: Profesorado > Xestión do Profesorado > Horario.

Hai que lembrar que a medida que se vai facendo o horario dos grupos estase a facer o horario docente do profesorado que imparte clase nos grupos, sempre e cando a cada materia lle asignemos o profesor que a imparte.

### **3.5 Creación de horarios con subgrupos. Casos prácticos nos que se utilizan.**

*Ruta: Alumnado>Grupos>Subgrupos>Mantemento*

Esta opción soporta o mantemento (consultas, altas, baixas e modificacións) dos subgrupos de alumnos configurados no centro para o ano de traballo. Empregarémola para a definición de desdobres de cara á composición de horarios.

Casos de utilización de subgrupos:

1º Caso: Ter que introducir no horario do grupo, unha materia impartida por dous profesores ao mesmo tempo. **Neste suposto é obrigatorio o uso de subgrupos** para un correcto funcionamento dos horarios e todo o asociado a eles.

**Exemplo:** Todos os alumnos do grupo 1º ESO – A están matriculados en Matemáticas pero non todos van á clase xuntos e co mesmo profesor. O grupo de matemáticas de 1º ESO – A divídese en 2 subgrupos que podemos chamar subgrupo A.1 e subgrupo A.2. Os alumnos do subgrupo A.1 están cun profesor nunha aula e os alumnos do subgrupo A.2 reciben a clase de Matemáticas con outro profesor e noutra aula. Para poder introducir no horario neste caso é necesario crear 2 subgrupos aos que asociaremos os alumnos e o profesorado correspondentes.

Se se da o caso de que a distribución de alumnado por subgrupo sexa a mesma para varias materias, non será necesario crear novos subgrupos senón que é posible empregar o mesmo.

2º Caso: Alumnos pertencentes a distintos grupos que se unen para recibir clases cun profesor, nun único espazo, en determinadas materias ou nunha única materia.

Neste caso non é imprescindible facer subgrupos, para introducir o horario, bastaría, con poñer o mesmo profesor da materia, no horario dos grupos a mesma hora e o mesmo día . A razón de crear un subgrupo, non é outra que, a unha visualización esteticamente máis cómoda do horario do profesor.

Se non se utilizan os subgrupos, ao visualizar o horario do profesor (*Ruta: Profesor > Xestión de profesorado > Horario*), este aparece como impartindo clase da materia en distintos grupos a mesma hora e o mesmo día .

Crearemos un subgrupo de alumnos formado por todos os alumnos dos diferentes grupos que asisten a clases da materia xuntos e utilizaremos este subgrupo na creación do horario. Ao visualizar o horario do profesor verase correctamente: o profesor imparte unha única sesión da materia a un subgrupo determinado.

### 3.5.1 Pasos detallados para a creación de subgrupos e asignar materias a subgrupos nos horarios dos grupos.

Ruta: Alumnado>Grupos>Subgrupos>Mantemento


The screenshot shows a web interface for managing subgroups. At the top, there's a tab labeled 'Subgrupo'. Below it, the 'Datos do subgrupo' section has two text input fields: 'Nome abreviado' with the value 'SubgrupoA1' and 'Descrición' with the value 'Subgrupo A.1'. Below this is the 'Asignación de alumnos/as' section, which includes two dropdown menus for 'Grupo' and 'Materia', both currently showing '--'. There are two large empty rectangular areas representing lists of students: '0 alumnos/as non asignados/as' on the left and '0 alumnos/as asignados/as' on the right. Between these lists are four navigation buttons: '>', '>>', '<<', and '<'. A red text label 'Datos do Subgrupo' is positioned between the lists, with a purple arrow pointing from it to the 'Descrición' field. At the bottom, there are five buttons: 'Engadir' (highlighted with a purple box), 'Modificar', 'Eliminar', 'Aceptar', and 'Cancelar'.

Premendo en Engadir actívanse os cadros de texto para cubrir o nome e a descrición do Subgrupo. Unha vez creado o subgrupo aparecerá na lista da esquerda da pantalla. Teremos que seleccionalo e premer no botón Modificar para a continuación asignar os alumnos en función do Grupo e a Materia.

No caso de querer vincular alumnos doutro grupo ou curso a este mesmo subgrupo, unha vez aceptados estes cambios habería que volver a repetir o proceso: sinalar na lista da esquerda o subgrupo, pulsar sobre o botón modificar, escoller o curso e o grupo, pasar os alumnos á ventá da dereita como alumnos pertencentes ao subgrupo e aceptar para gardar os cambios.

Unha vez creado e configurado o subgrupo procederemos a introducir o subgrupo no horario ( Ruta: Alumnado > Grupos > Grupos simples(escoller o grupo...) >Horario ). Na ventá que aparece para introducir a sesión e materia tense que ter en conta o seguinte:






## 4. Grupos mixtos

Ruta: Alumando > Grupos > Grupos mixtos

Un grupo mixto fórmase cando nunha mesma aula asisten xuntos á clase alumnos de distintos cursos ou incluso de distintas ensinanzas, por exemplo, un aula mixta de infantil e primaria na que asisten nenos de 5 anos con nenos de primeiro ciclo de primaria. Aínda que esta opción emprégase case exclusivamente en Infantil e Primaria tamén pódese empregar noutras ensinanzas como Bacharelato, Programas de cualificación profesional inicial, etc.



Co botón engadir podemos crear o grupo mixto que aparecerá na lista da esquerda. Pulsando sobre o botón modificar pódese coas frechas centrais pasar os grupos simples dunha ventá a outra, para indicar os grupos simples que forman o grupo mixto.